solicitude de INSCRICION

APELIDOS: _____

NOME: _____

DATA DE NACEMENTO: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

POBOACIÓN: _____

CP: _____

TELÉFONO: _____

INSTRUMENTO: _____

COÑECEMENTOS MUSICAIS: _____

Enviar a:

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E DANZA DE RIBADEO
CASA DO MAR
Clemente Martínez Pasarón, s/n
27700 RIBADEO

SINATURA E DATA

caracteristicas e condicions do CURSO

PREZO DO CURSO:
Alumnado da EMMeD de Ribadeo: 80€
Resto de alumnado: 90 €

A inscrición poderase facer presencialmente na EMMeD de Ribadeo ou p or correo ordinario presentanco o boletín de inscrición xunto co xustificante bancario (Número de conta de NovaGalicia Banco: 2080 0140 14 3040190593).
As inscricións poderanse efectuar ata o 29 de xuño.

HORARIO DO CURSO:
De 10 a 14 e de 16 a 19 h.

MÁIS INFORMACIÓN:
Coordinación do curso:
Rubén Solloso Irimia
Tlf. 677.73.40.84
rubn_solloso@yahoo.es

OBSERVACIÓNS:
A organización resérvase o dereito de suspender o curso no suposto de non cubrirse un mínimo de alumnos/as ao peche do período de inscrición, así como a sustitución dalgún profesor que por causa xustificada non poida asistir.

Concello de Ribadeo

Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo

Asociación Amadores da Música

Asociación Cultural Ribadeo MUSIQUEANDO

ACISA Ribadeo



II curso de INICIACION ao JAZz, improvisacion e MUSICA MODERNA de RIBADEO

5, 6, 7 e 8 de xullo de 2012 - Casa do Mar



sergio DELGADO (piano)

Nace en Ciego de Ávila (Cuba). Comeza os seus estudios musicais ós 10 anos na Escuela Profesional de Arte de Camagüey, graduándose no ano 1984 na especialidade de Clarinete e iniciándose no Piano, o seu instrumento definitivo. Na Escuela de Músicos de A Coruña imparte clases de Piano, Combos Jazz e Latino, Armonía Moderna e Informática Musical.

Actualmente é director musical de Calixto Oviedo´s proyect, grupo co o que percorreu importantes clubs de jazz de Europa, así como de Silent D´jazz, proxecto creado polo Dj Ino, con o que traballa habitualmente. No verán do 2006 participa nun Curso de jazz na prestixiosa escola de Londres "Ghildhall School of Music & Drama".

Participa en diferentes festivais de Jazz por toda Galicia, como por exemplo no Festival Internacional de Jazz de Vigo 07 como integrante da Imaxina Sons Orquestra ou no Seminario Internacional de Jazz de Mondoñedo xunto ós músicos Scotty Barnhart, Petros Klampanis, Antonio Hart, Michael Phillip Mossman e Artis Orbus.

Forma parte de "La Coruña Big Band" e na recién creada Orquesta de Jazz de Galicia, á vez que realiza concertos de jazz con diferentes músicos galegos e formacións diversas, como Beklar Jazz Quartet ou Carmen Rey Quinteto, con a que gravou o seu segundo traballo discográfico titulado "Meu" e con a que participou no Festival Burgojazz 2006.

Colaborou co grupo de acid-jazz Venueconnection no seu segundo disco; co saxofonista, músico e productor Tony Martinez; no programa ÉXITO da TVG, no apartado de arranxos musicais; gravou con Miguel Ángel, cantante coruñes,o seu primeiro traballo discográfico, e xunto a Miguel Cabana, Alfonso Morán e Nicolai Velikov o disco "Yellow" do saxofonista Roberto Somoza e é compoñente e director musical de Angeles Dorrio Quartet.

Tamén realiza concertos en directo como pianista de Noelia Fonte, finalista do concurso "Operación Triunfo III" de TVE; así como con o saxofonista cubano Carlos Averhoff Jr, músico con o que conseguiu o primeiro premio do concurso de composición Concerto Autor, convocado pola S.G.A.E. en Decembro do 2005.



jose GARCIA (saxofon)

Cursa estudos de Diploma Profesional en Música Moderna en Estudio Escola de Música de Santiago de Compostela, escola adherida á IASJ, (International Asociation of Schools of Jazz).

Estudos de Grao Medio no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña e a Licenciatura na especialidade de Jazz polo Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

É profesor de saxofón da Escola de Músicos de A Coruña.

Formou parte da Banda Matea, na gala de entrega dos Premios Mestre Mateo, da Academia de Cine de Galicia 2007/2008 e colabora con formacións de diferentes estilos musicais como: Kosmic Muffing ; Miki Nervio & The Bluesmakers; FLU; SES; Brothers in Band; Victor Aneiros Band; Susana Seivane en "Os Soños que Volven".

Integrante da Big Band da Escola de Música Presto Vivace de A Coruña; de DinA4, formación coa que actúa no Festival Internacional de Jazz de Vigo e no Festival de Jazz e Música

Moderna de Monforte de Lemos; do Quique Alvarado Cuarteto, actuando no Festival del Burgo 2009 de A Coruña; da Jose Somoza Big Band e é compoñente de Imaxina Sons Jazz Orquestra, pertencente ó Festival Internacional de Jazz de Vigo e no que tamén participa coa formación propia. Jose Rodríguez Wild Trío.

Realiza diversos traballos para a Televisión de Galicia como a Gala Saudade de Ti, (homenaxe a Andrés Dobarro), a gravación para a serie de televisión "Os Atlánticos" ou. o progama late night: "Land Rober".

Actualmente forma parte do Cuarteto de Jazz do espectáculo Climantopía, dependente da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e da recentemente creada Orquesta de Jazz de Galicia.



miguel CABANA (bateria)

Nace na Coruña en 1975 nunha familia de músicos, pero non será ata os 13 anos cando comece os seus estudos de percusión clásica, derivando anos despois nunha plena dedicación á Batería e á Percusión Moderna.

Estuda batería con Antonio Cruz "Perillo" e percusión latina con Javier Ferreiro "Man".

Dende os 15 anos toca en bandas de rock, funk, latin, jazz, etc...

Durante a súa formación, estuda na Escuela de Música Creativa de Madrid co maestro Carlos Carli.

Participa en seminarios, master class e clinics con Roberto de Souza, Fernando Marcón, Jeff Jerolamón, Brian Abrahams, José Carrasco, Pepe Motos, Isaac Vigueras "el rubio", Sergio Ramos, Juan Flores, Billy Cobham, Akira Jimbo, Trilok Gurtu,etc...

En setembro de 1999 entra a formar parte do profesorado da Escuela Municipal de Música de A Coruña na sección de jazz e música moderna.

Licenciase en Jazz Performance con matrícula de honra pola Guildhall School of Music and Drama de Londres.

Durante estos últimos anos compartiu escenario con músicos como Scott Stroman, Brian Trainor, John Taylor, Kenny Wheeler, Cennet Jönson, Fredd Thelonious Baker, Carlos Averhoff Jr., Steve Brown, Walter White, Eric Reed, Calixto Oviedo, Sergio Delgado, Javier Constenla, Quique Alvarado, Carmen Rey, Roberto Somoza, X.L.Miguélez, Octavio Vargas, Alberto Conde, Kin García, Pepe Evangelista, Nani García, Alfonso Morán, Marcelino Galán, Xacobe Martínez Antelo e moitos outros.

Actualmente compaxina a docencia con diferentes proxectos: Pepe Evangelista Cuarteto, Carmen Rey Grupo, Ángeles Dorrio Cuartet, Javier Constenla Trío "Improvía", Rúa Cega, Venueconnection, Silent D´jazz, Monkillos, Loretta Martin, The Hit Experience, Clifford 8, Nani García Septeto "Cinematojazzía", Hansel Luis Cuartet, Saffron, Roberto Somoza Big Band e Atlantic Bridge.

É endorser de NPdrums (Nova Percusió), Parches Remo, Baquetas Morgan Mallets e Platos Murat Diril.



quique ALVARADO (baixo electrico e contrabaixo)

Profesor de baixo eléctrico e combos da Escuela de musicos (A CORUÑA) e Estudio escola de musica (SANTIAGO DE COMPOSTELA) dende 1990.

Tamén imparte clase de baixo-combo e dirixe a big band de jazz na Escola Municipal de Música de Oleiros "La fábrica".

Inicia os seus estudios de piano no Conservatorio Nacional de Buenos Aires onde consegue a graduación neste instrumento. Traballa con grupos de rock como pianista e máis tarde farao como baixista en grupos como La Pesada, Los Blues Man, Los Mentales, etc.

En 1969 comeza s súa actividade como músico de sesión e grabación, relacionándose con músicos do folklore arxentino e latinoamericanos, como Chango Farias Gómez, Pepe Colangelo, Trío Contemporáneo e Cuarteto de Cuerda, entre outros.

En 1973 se incorpora ó grupo "Anacrúsa", co que viaxa a Europa, invitado polo Festival de Teatro de Nancy, facendo música latinoamericana. De alí xorden concertos no Olimpia de Paris, Concertgebow de Amsterdam, etc. Esta formación incluía músicos como Carlos Carlí e Rubén Izarrualde entre outros. Con elos trasladase a Madrid para montar o grupo Candeais con Agustín Pereira e Guillermo Reuter.

A partires de 1979 traballa nos circuitos de jazz, con músicos como Paquito de Rivera, Blady Vas, Horacio Icasto, Connie Phillip, Jorge Pardo, Pedro Ruy Blas entre outros.

De 1983 a 1986 acompaña a Alberto Cortez en xiras internacionais ata que se traslada a A Coruña, convocado por Roberto "Camaleón" Rodríguez, para formar parte do Aula Taller de Músicos de dita cidade.

En Galicia colaborou con Antonio Cal Big Band, o Cuarteto de Nani García, o Cuarteto de José Tubio, o Horacio Icasto Ensamble e o Alberto Conde Quartet.

Actualmente, continúa su actividad jazzística con "Hot 3sss", "Clifford 8" "Soul track" "Turma caipira" "Alfredo García quartet" ou "Bliss blues".